

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

EN VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA

## Caixanova ofrecerá cinco novos obradoiros literarios

Tamén está prevista a realización de media ducia de conferencias e mesas redondas sobre o estado actual da literatura galega.

Redacción - 11:02 04/01/2008

Ao longo de 2008, o Espazo Literario Caixanova ofertará obradoiros de narrativa, de poesía, de perfeccionamento de relato, de creación literaria, de lectura, de voz e tamén un especificamente pensado para maiores, que estará centrado na súa experiencia vital e que ten a intención de que convertan a súa memoria en literatura. Todos os obradoiros están dirixidos por recoñecidos autores e críticos literarios, como Francisco Castro e Ramón Nicolás.

Tamén se organizará un Premio Escolar que pretende implicar a alumnos de Secundaria de todo o país. Así mesmo, creouse un [blog](#), que permitirá aos asistentes dos obradoiros participar dunha forma activa nun foro de debate literario, así como publicar as súas creacións.

O programa complementarase cunha serie de conferencias, baixo o título de *Os camiños da literatura galega*, nas que intervirán Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Yolanda Castaño, Teresa Moure, María do Carmo Kruckenberg, Xosé Carlos Caneiro, Román Raña, María do Cebreiro, Marta Dacosta, María Xosé Queizán e Miguel Anxo Fernán-Vello.

### Programa de Obradoiros

*Obradoiro de lectura* (Vigo, Centro Social Caixanova). 15, 22 e 29 de xaneiro, 12 e 19 de febreiro. 18.30 horas. Impartido por Ramón Nicolás.

*Obradoiro de voz expresiva* (Vigo, Centro Social Caixanova). 16 e 23 de xaneiro, 20 e 27 de febreiro, 5 e 12 de marzo, 2 e 9 de abril. 19.00 horas. Impartido por Alicia Borrás.

*Obradoiro literario para maiores* (Vigo, Centro Social Caixanova). 22 de febreiro, 7 e 14 de marzo, 11, 18 e 25 de abril, 7 e 14 de maio. 19.00 horas. Impartido por Francisco Castro e destinado a maiores de 60 anos.

*Obradoiro literario* (Ourense, Centro de Desenvolvemento Caixanova). 10, 24 e 31 de marzo, 14, 21 e 28 de abril, 5 e 12 de maio. 19.00 horas. Impartido por Francisco Castro.

*Obradoiro de creación literaria* (Pontevedra, Centro Social Caixanova). 28 de marzo, 4 de abril, 16 e 30 de maio e 6 de xuño. 18.00 horas. Impartido por Francisco Castro.